



BASES PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL CON CARGO AO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL (PEL-CONCELLOS 2022) DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

De conformidade coa resolución núm. 2022/12578, de 10 de marzo, da presidencia da Deputación Provincial, publicada no B.O.P. nº 50 do 15 de marzo de 2022, pola que se aproba o Programa PEL-Concellos 2022, de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2022.

Vistos os antecedentes e os criterios establecidos na convocatoria para a contratación do mencionado persoal, RESOLVO:

Primeiro.- Realizar a oferta de emprego a través do Servizo Público de Emprego para a contratación de dous albaneis oficiais de 2ª e dous albaneis oficiais de 3ª.

- Tipo de contrato: De duración determinada por obra ou servizo.
- Xornada: 25 horas semanais.
- Duración: 5 meses.
- Salario bruto mensual:
 - Oficial 2ª: 1.144,90 euros brutos mensuais.
 - Oficiais de 3ª: 1.114,04 euros brutos mensuais.

Para participar na contratación os candidatos preseleccionados pola Oficina de Emprego deberán estar en situación de desemprego na data de inicio do proceso selectivo, ou á data da convocatoria, e atoparse nalguna das seguintes situacións de exclusión laboral:

- a) Mulleres, ao ter un diferencial de índice de desemprego rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
- b) Maiores de 45 anos.
- c) Persoas desempregadas de longa duración. Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo dun ano inscritos como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego.
- d) Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grado igual ou superior ao 33%. A acreditación da discapacidade será comprobada polos concellos no proceso de selección das persoas a contratar.
- e) Persoas en situación de drogodependencia.
- f) Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.
- g) Persoas con fogar monoparental.
- h) Persoas con problemas para encontrar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
- i) Persoas vítimas de violencia de xénero.
- j) Persoas sen fogar.

Segundo.- A selección do persoal realizarase co seguinte procedemento:

No suposto de que o número de candidatos remitidos pola Oficina de Emprego interesados na contratación non supere o das prazas a cubrir, polo señor Alcalde procederase á súa



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. nº 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

contratación. Os candidatos deberán cumprir necesariamente os requisitos esixidos polas instrucións e resolucións ditadas pola Excm. Deputación de A Coruña.

Para o caso de que o número de candidatos sexa superior ao de prazas a cubrir, convocarase a Comisión de Selección correspondente, que estará formada polos seguintes membros:

- Presidente: D. Jesús Reboredo González, Administrativo.
- Vocal: D^a María Paz Gutiérrez Abella, Traballadora Social.
- Vocal: D^a Ana María Pájaro Fernández, AEDL.
- Vocal: D. Manuel Rodríguez Calvo, condutor tractor municipal.
- Secretario: D. José Ramón Casal Orza, auxiliar administrativo.

Polo señor Alcalde nomearanse, no seu caso, os membros suplentes necesarios.

A Comisión valorará, mediante entrevista, os méritos aducidos polos aspirantes remitidos previamente pola Oficina de Emprego, en base ós seguintes criterios:

- a. Persoas en paro de longa duración (máis de 2 anos): 1 punto.
- b. Integrantes de colectivos en situación ou en risco de exclusión social (conforme aos criterios do artigo 3 da Lei 10/2013, de inclusión social de Galicia): 1 punto.
- c. Outras circunstancias que dificulten a integración social e laboral dos candidatos: 1 punto (Falta de formación, de experiencia, carencia de medios de transporte, etc).
- d. Situación económica da unidade familiar: Ata un máximo de 1,5 puntos, conforme ao seguinte baremo:
 - Ingresos inferiores ao IPREM: 1,5 puntos.
 - Ingresos entre 1 e 1,5 veces o IPREM: 1 punto.
 - Ingresos de máis de 1,5 ata 2 veces o IPREM: 0,5 puntos.
- e. Responsabilidades familiares: Ata un máximo de 2,5 puntos, a razón de 0,5 puntos por cada membro da unidade familiar a cargo do traballador/a (fillos menores, fillos maiores dependentes economicamente e outras persoas dependentes ou con discapacidade a cargo da unidade familiar).
- f. Por coñecemento do medio: Ata un máximo de 1 punto. (Valorarase o coñecemento que teña o aspirante en relación coa xeografía, patrimonio, medios de comunicación, etc, relativos ao Concello de Touro, respondendo a un cuestionario de 4 preguntas.)
- g. Interese demostrado no traballo e dispoñibilidade: Ata un máximo de 1 punto. Valorarase a razón de 0,5 puntos o interese e 0,5 puntos a dispoñibilidade, segundo a declaración do candidato/a en relación coa contratación que se lle propón.
- h. Por capacidade e actitude para o traballo a desenvolver: Ata un máximo de 2,5 puntos. Valorarase a capacidade e a actitude en base ao currículo da oficina de emprego, tendo en conta os traballos realizados para a Administración Pública e a empresa privada (a razón de 0,15 puntos/mes na Administración Pública e 0,10 puntos/mes na empresa privada) en traballos de saneamentos, pavimentación de vías públicas, traballos forestais, mantemento, limpeza de vías públicas, etc.

O resultado da selección deberá ser notificado á correspondente oficina de emprego segundo as disposicións legais vixentes.



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. nº 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

Terceiro.- A Comisión tomará as medidas necesarias para adaptar as probas aos criterios sanitarios establecidos para a prevención do COVID 19.

Cuarto.- As contratacións realizadas ao abeiro deste Programa regularanse polo Real Decreto-Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo polo que se modifican as modalidades contractuais, ademais da normativa especificada na Base 1.Réxime xurídico xeral, das bases xerais dirixidas a concellos e outras entidades locais da provincia.

Atendendo ao regulado na Disposición transitoria cuarta do mencionado Real Decreto-Lei: os contratos para obra e servizo determinado e os contratos eventuais por circunstancias do mercado, acumulación de tarefas ou exceso de pedidos, celebrados desde o 31 de decembro de 2021 ata o 30 de marzo de 2022, rexeranse pola normativa legal ou convencional vixente na data en que se concertaron e a súa duración non poderá ser superior a seis meses.

Quinto.- A contratación dos traballadores farase polo señor Alcalde.

Sexto.- As presentes bases teñen carácter administrativo e están sometidas ao ámbito da xurisdición contencioso-administrativa.